



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE AGOSTO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/45/2018.-JESÚS RIVAS RICO.- Conceder licenza de obras para consolidación de cuberta de alpendre agrícola no LG Bornais, 47.

LIC/1361/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ROSALÍA DE CASTRO 125.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación de ascensor no edificio de vivendas situado na Avda. Rosalía de Castro, 125.

LIC/1797/2017.- JOSÉ LUÍS SOUTO MARTÍNEZ.- Conceder licenza de obras para realizar a substitución de cuberta no inmovible situado na Rúa Entremuros, 13.

LIC/673/2018.- MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ RUIBAL.- Conceder licenza de obras para realizar o cambio de tellado do inmovible situado na Rúa Algalia de Abaixo, 39.

LIC/940/2018.- PABLO ANTELO NOYA.- Conceder licenza de obras para realizar adecuación interior, cuberta e reposición da legalidade da vivenda familiar na Rúa Carreira do Conde, 8.

LIC/828/2016.- MARÍA DE LOS ÁNGELES SÁNCHEZ CARRIÓN.- Conceder licenza de obras para a rehabilitación de vivenda unifamiliar illada situada na Rúa Pai da Cana, 55.

LIC/148/2017.- MARÍA TERESA VILLARES FRANCO.- Conceder licenza de obras para a rehabilitación de vivenda en planta Baixo cuberta e reforma de cociña e substitución de galería de vivenda en planta segunda do edificio situado na Rúa Altamira, 5.

LIC/1843/2015.- ELENA MARÍA LÓPEZ LÓPEZ.- Conceder licenza de obras para a execución dunha vivenda unifamiliar na Rúa Sarela de Abaixo.

LIC/723/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA VILAR, 46.- Conceder licenza de obras para a substitución de material de cubrición de tella en cuberta sen afección estrutural no inmovible sito na Rúa do Vilar, 46.

2.- Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para consolidación de cuberta de alpendre agrícola no LG Bornais, 47. LIC/45/2018. Apróbase a proposta

3.- Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e concesión de licenza para a instalación de ascensor no edificio de vivendas situado na Avda. Rosalía de Castro, 125. LIC/1361/2017. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para realizar a substitución de cuberta no inmovible situado na Rúa Entremuros, 13. LIC/1797/2017. Apróbase a proposta

5.- Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para realizar o cambio de tellado do inmovible situado na Rúa Algalia de Abaixo, 39. LIC/673/2018. Apróbase a proposta

6.- Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para realizar adecuación

interior, cuberta e reposición da legalidade da vivenda familiar na Rúa Carreira do Conde, 8. LIC/940/2018. Apróbase a proposta

7.- **Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para a rehabilitación de vivenda unifamiliar illada situada na Rúa Pai da Cana, 55. LIC/828/2016.** Apróbase a proposta

8.- **Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para a rehabilitación de vivenda en planta Baixo cuberta e reforma de cociña e substitución de galería de vivenda en planta segunda do edificio situado na Rúa Altamira, 5. LIC/148/2017.** Apróbase a proposta

9.- **Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para a execución dunha vivenda unifamiliar na Rúa Sarela de Abaixo. LIC/1843/2015.** Apróbase a proposta

10.- **Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á concesión de licenza de obras para a substitución de material de cubrición de tella en cuberta sen afección estrutural no inmovible sito na Rúa do Vilar, 46. LIC/723/2018.** Apróbase a proposta

11.- **Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de estadias técnicas e residencias de creación artística para proxectos de artes escénicas para o curso 2018-2019.** Apróbase a resolución da convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas na Sala Agustín Magán de Santa Marta, que queda do seguinte xeito:

- _Teatro do Noroeste, co proxecto “Da avaricia, a luxuria e a morte”, do 3 ao 21 de setembro
- _Os Monicreques de Kukas, co proxecto “Arlequina”, do 25 de febreiro ao 17 de marzo de 2019
- _Inversa Teatro, co proxecto “Sofía e as postsocráticas”, do 24 ao 28 de setembro
- _Berrobambán, co proxecto “Doppelgänger”, do 27 de decembro ao 17 de xaneiro

12.- **Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais dando conta da corrección de erro no punto 7 da sesión de 2.8.18, de concesión de axudas do programa de garantía básica cidadá.** Apróbase a proposta.

13.- **Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á solicitude á Consellería de Política Social dunha subvención para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social para os anos 2018 e 2019.** Acórdase a solicitude á Consellería de Políticas dunha subvención de 143.764,98 euros, correspondentes a gastos de persoal, para o desenvolvemento dos programas de inclusión. Desda cantidade, 47.921,66 euros serán para o programa de desenvolvemento integral do colectivo xitano; 47.921,66 euros para o programa de inclusión social de colectivos en risco de exclusión; e os 47.921,66 euros restantes para o programa de inclusión social de menores a cargo.

14.- **Recoñecemento extraxudicial de créditos.** Apróbase a proposta

15.- **Reanualización de obras: Proxecto básico e de execución de mellora de infraestruturas no Polígono de Vite-Fase I e ampliación da ponte na Cañoteira e Outeiro de Marrozos, 2ª fase.** Acórdase reanualizar o proxecto de mellora de infraestruturas no Polígono de Vite-Fase I, e que o crédito dispoñible se aplique á redaccións de proxectos e actuacións prioritarias por risco de inundación, así como a rematar a rehabilitación da ponte vella de Vidán de Arriba. Acórdase tamén reanualizar o proxecto de ampliación da ponte na Cañoteira e Outeiro de Marrozos-Fase II, co compromiso de que se consigne no orzamento 2019, e que o sobranse se aplique a atender a achega municipal para a obra de ampliación e mellora da plataforma de rodaxe no viario de acceso a Lamascal (obra financiada con axuda do AGADER)

17 a 33.- **Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.** Apróbase a proposta

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, relativa á suspensión da contratación do servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago. Acórdase suspender a contratación como medida cautelar ante o recurso interposto por unha empresa contra os pregos que rexen o procedemento.

2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concertación dunha operación de préstamo a longo prazo para o financiamento de investimentos e transferencias de capital. Apróbase o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de 3.600.000 euros para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2018.

3.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do servizo para acción formativa no manexo de smartphones e tablets para persoas maiores, no marco do proxecto europeo Atlantic Social Lab, ao abeiro da iniciativa comunitaria Interreg. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 3.749,89 euros, IVE incluído. Este proxecto está financiado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato coa empresa Vipeca Obras y Servicios S.L. para a execución das obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio no parque empresarial da Sionlla. Acórdase desestimar as alegacións presentadas pola empresa Vipeca, polo que procede a resolución do contrato, e acórdase solicitar o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago, 2018-2020". Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 790.000 euros, IVE incluído.

6.-Proposta de alcaldía relativa ao patrocinio para a celebración do XXVI Rally Botafumeiro. Apróbase a proposta, que supón unha achega municipal de 30.000 euros.